



ASOCIACIÓN GALEGA DE DISLEXIA (NIF.G 70 085 741)

Rúa Torrente Ballester, 3-2º A

15570 NARÓN – A CORUÑA

Tlf. 608 570 211 E-mail: agadix@hotmail.es

www.agadix.es

Dende a **Asociación Galega de Dislexia** somos conscientes da escasa información práctica que existe sobre a dislexia en todos os ámbitos, polo que queremos facer chegar aos profesores e profesoras que acollen nas súas aulas nenos con esta dificultade esta información, para axudalos a afrontar este problema e que eles poidan axudar aos nosos nenos e nenas no seu difícil camiño pola etapa escolar.

¿QUE É A DISLEXIA?

O término dislexia é controvertido, non contando na actualidade cunha definición universalmente aceptada, aínda que si hai certo consenso por parte da comunidade científica que se ocupa do tema en considerar a dislexia como un trastorno específico e persistente da linguaxe escrita, caracterizado principalmente por dificultades na exactitude e automatización lectora e escritora. De aí, que moitas veces se utilice a etiqueta conxunta dislexia - disortografía. Pódese manifestar en diversos graos, ocasionando unha incapacidade total ou parcial para ler e escribir ao longo da vida.

É unha dificultade conxénita, hereditaria, que non pode ser explicada por deficiencias visuais ou auditivas, por trastornos emocionais ou condutuais, por atraso mental, nin por situacións educativas "anormais" (como ausencias prolongadas ou repetidas ás clases, metodoloxía de ensino inapropiado, cambios frecuentes de profesores ou centros, ...)

Ademais das dificultades sinaladas na linguaxe escrita, pódense ver afectados outros aspectos, que detallaremos con exactitude no seguinte apartado, tales como: alternancia de días "bos e " malos" no traballo escolar sen razón aparente, dificultades para seguir instrucións, dificultades para reter series, problemas para pronunciar palabras polisílabas, confusión co vocabulario que ten que ver coa orientación espacial e temporal, lentitude para facer as tarefas escritas, dificultades asociadas á discalculia (dificultade para realizar operacións matemáticas) e disgrafía.(1)

(1) Outón, P. (2009). Dislexia. Una visión interdisciplinar. Barcelona: Lebón.



ASOCIACIÓN GALEGA DE DISLEXIA (NIF.G 70 085 741)

Rúa Torrente Ballester, 3-2º A

15570 NARÓN – A CORUÑA

Tlf. 608 570 211 E-mail: agadix@hotmail.es

www.agadix.es

CARACTERÍSTICAS E SÍNTOMAS

Non todos os disléxicos presentan as mesmas características nin na mesma intensidade, de aí as dificultades que existen para establecer un diagnóstico; pero as seguintes poden considerarse representativas:

En nenos e nenas de Educación Infantil

Nesta idade pódense atopar sinais de alerta que nos poden poñer atentos para o futuro, xa que non é ata que o neno empeza a ler cando de verdade se pon de manifesto a dislexia. Estes sinais de alerta poden ser:

- Alternancia de días "bos" e "malos" no traballo escolar sen razón aparente.
- Confusión ao nomear as cores.
- Dificultade para aprender as rimas típicas de preescolar.
- Dificultade para recordar secuencias (días da semana, dedos da man,...).
- Ansiedade con algúns traballos sen razón aparente.

En nenos e nenas de Educación Primaria

Cando comeza o proceso de iniciación á lectura manifestan nesta un atraso considerable con respecto ao resto da clase, alteran, omiten ou substitúen as palabras ou letras, inverten as sílabas, etc.

Ao iniciar o proceso de escritura aparece normalmente a escritura en espello, unións de palabras, separacións, omisións de letras, repetición de sílabas etc.

Ademais presentan as seguintes características:

- A alternancia entre días "bos" e "malos" faise máis notoria.
- Dificultades para seguir instrucións (piden constantemente que llelas repitan).
- Persisten as dificultades para reter series (días da semana, estacións, abecedario, meses do ano...).
- Confusión co vocabulario que ten que ver coa orientación espacial (dereita, esquerda, arriba, abaixo...) e temporal (onte, hoxe, mañá,...).



ASOCIACIÓN GALEGA DE DISLEXIA (NIF.G 70 085 741)

Rúa Torrente Ballester, 3-2º A

15570 NARÓN – A CORUÑA

Tlf. 608 570 211 E-mail: agadix@hotmail.es

www.agadix.es

- Problemas para poñerse as prendas de diante para atrás e os zapatos nos pés correspondentes.
- Dificultades para atarse os zapatos.
- Dificultades para aprender a ler o reloxo.
- Dificultades na utilización do diñeiro.
- Problemas para seguir pautas rítmicas.
- Dificultades co vocabulario matemático (restar, levar, adición, substracción, decena, engadir, quitar,...).
- Escritura en espello de números.
- Inversión ao ler e/ou escribir números (por exemplo 15 en lugar de 51).
- Confusión coa orde en que deben realizar as operacións matemáticas.
- Problemas para contar cara a diante e cara a atrás, en especial cando se pasa dunha decena a outra.
- Dificultades para facer seriacións alternando os números de 2 en 2, de 3 en 3 etc. As dificultades aumentan cando a seriación é en orde inversa.
- Utilización de estratexias para realizar operacións de matemáticas sinxelas: dedos, marcas no papel, etc.).
- Dificultade para comprender os problemas matemáticos.
- Lentitude para facer as tarefas escritas e operacións simples.
- Dificultades coa memoria a "curto prazo" (copiar do encerado, copiar do libro,...).
- Dificultades para poñer atención. A miúdo acúsaseos de estar ausentes, de soñar espertos, de non concentrarse.
- Grande dificultade na aprendizaxe de linguas estranxeiras.

Debido a todas estas dificultades os alumnos e alumnas con trastornos de dislexia necesitan que se tomen unhas medidas na aula e na avaliación que lles permitan alcanzar os obxectivos desexados.

Da aplicación destas medidas dependerá que este alumnado poida continuar a súa andaina polos seus estudos e evitarse a aparición de trastornos asociados como: problemas de frustración, baixa autoestima, fobia escolar, ansiedade, trastornos de conduta, desadaptación e depresión.

Dende **AGADIX** recomendamos ao profesor/ora unha serie de inclusións que aplicar na aula tendo en conta a idade do estudante e o seu nivel de



ASOCIACIÓN GALEGA DE DISLEXIA (NIF.G 70 085 741)

Rúa Torrente Ballester, 3-2º A

15570 NARÓN – A CORUÑA

Tlf. 608 570 211 E-mail: agadix@hotmail.es

www.agadix.es

dificultade e tendo tamén sempre presente que os alumnos con este tipo de dificultades aprenden de forma multisensorial:

- Facer saber ao alumno que o profesor coñece o seu problema para que poida sentir maior seguridade e confianza.
- Darlle a coñecer a dificultade aos seus compañeiros da aula para que comprendan que as súas adaptacións non son un privilexio senón unha necesidade.
- Utilizar sempre o reforzo positivo.
- Comprobar sempre que entendeu o material escrito co que debe traballar.
- Non lles facer copiar os enunciados, senón ir directamente ao desenvolvemento do exercicio ou tarefa.
- Non lles facer copiar repetitivamente os erros cometidos nas distintas materias.
- Darlles o ditado que se vaia facer con antelación para preparar na casa.
- Evitar que teña que copiar textos de grande lonxitude do encerado e, se é posible proporcionarlle unha fotocopia.
- Dotalos de tempo extra para a realización de tarefas, para copiar do encerado, para a realización de exames.
- Repetirlles as instrucións varias veces, e mesmo facérllelas vocalizar para comprobar que as comprendeu.
- Diminuír as tarefas para a casa, ter en conta que necesitan facer traballos de reeducación a maiores.
- Evitar que lea en público se non o desexa.
- Evitar sacalo ao encerado cando non esteamos seguros que o vai facer ben.
- Destacar os aspectos positivos do seu traballo.
- Non ter en conta as faltas de ortografía e gramática en ningunha área, xa que esta área xunto á lectura, sempre vai representar unha "inhabilidade".
- Considerar a posibilidade de exames orais segundo o caso.
- Proceder á lectura dos enunciados antes de comezar cada exame.
- Conceder maior tempo para o desenvolvemento do exame, aínda que sexan en días distintos (procurando non ocupar o horario do recreo para evitar a sensación de que ser disléxico é un castigo).
- Dispoñer dun exemplo que lle facilite a comprensión do que ten que facer exactamente, xa que presenta dificultades considerables a



ASOCIACIÓN GALEGA DE DISLEXIA (NIF.G 70 085 741)

Rúa Torrente Ballester, 3-2º A

15570 NARÓN – A CORUÑA

Tlf. 608 570 211 E-mail: agadix@hotmail.es

www.agadix.es

nivel de comprensión lectora o que tamén se refire á comprensión dos enunciados.

Evitaranse as repeticións innecesarias de curso. Será necesario considerar de forma individual a necesidade real de repetir curso, xa que a maioría dos estudantes con dislexia non presenta problemas de comprensión de contidos. A repetición de curso resulta sumamente desaconsellable, posto que non solucionará o problema das súas dificultades.

Finalmente recordar que o reforzo positivo e gabar os seus pequenos logros fará que a súa autoestima non se vexa deteriorada. Non hai que esquecer que son nenos e nenas intelixentes, plenamente conscientes das súas dificultades.

Bibliografía:

PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN CON DISLÉXICOS. Deseño, implementación e avaliación.

Paula Outón Oviedo.

Editorial CEPE, S.L.

DISLEXIA E DIFICULTADES DE LECTURA.Unha guía para mestres.

Jagannath P. Dás, M^a Angeles Garrido, Manuel Gonzalez, Carme Timoneda e Federico Pérez-Álvarez.

Editorial Paidós Educador.

MENTES DIFERENTES, APRENDIZAXES DIFERENTES.

Un modelo educativo para desenvolver o potencial individual de cada neno.

Mel Leavine.

Editorial Paidós Transiciones